

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente númer.: 209/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

DECRETO DE ALCALDÍA

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Visto que con data 19 de xaneiro de 2023 por resolución da Alcaldía nº 2023-0095, se resolve contratar a D. Javier Barreiro Ricón, na categoría de Auxiliar Administrativo, a través das listas de substitucións, mediante un contratos por substitución para cubrir a baixa de incapacidade temporal de Antonio Barrera Pérez., indicando no seu punto 2º que no caso de que D. Javier Barreiro Ricón renuncien ao posto de traballo con anterioridade á finalización do contrato, contratarase á seguinte persoa da lista ata completar o obxecto do contrato establecido no punto 1.

2.- Visto que con data 14 de agosto de 2023, D. Javier Barreiro Ricón, presenta con rexistro de entrada nº 2023-E-RE-4574, a renuncia ao posto de traballo mencionado por a aceptación dunha interinidade en praza neste mesmo Concello.

3. Visto que no existen candidatos dispoñibles na lista de substitucións na categoría da Auxiliar Administrativo.

4.- Vista a proposta do Concelleiro de Recursos Humanos D. Francisco Jesús Represas Carrera, de data 18 de agosto de 2023, que dí:

"1.- Visto que no mes de xullo xurdiu a necesidade da contratación dun/unha Auxiliar Administrativo/a para cubrir a baixa por IT de Dª Isabel Alonso Suárez, e trala comunicación por parte do Departamento de Recursos Humanos da no existencia de candidatos/as na bolsa de emprego na categoría de Auxiliar Administrativo/a para levar a cabo dita contratación, por Decreto da Alcaldía 2023-1617 de data 21 de xullo de 2023, se aprobaron unhas Bases de Selección para a contratación dun/dunha Auxiliar Administrativo/a, para a realización da selección a través do Servizo Galego de Colocación, cuxo obxecto sería a cobertura da incapacidade temporal de Dª Isabel Alonso Suarez, e incluír as persoas resultantes a continuación das existentes nas listas de substitucións actuais na categoría de auxiliar administrativo.

2.- Visto que con data 27 de xullo de 2023, Dª Isabel Alonso Suárez, incorpórarse a seu posto de traballo por fin da súa incapacidade temporal con data 26 deste mes, por Decreto da Alcaldía 2023-1646, de data 28 de xullo de 2023, resolvese pechar o expediente aberto ao efecto por ter finalizado o obxecto que o motivou.

3.- Visto que na actualidade é necesario cubrir a baixa por incapacidade temporal de D. Antonio Barrera Pérez, Auxiliar Administrativo no departamento de Tesourería, xa que a persoa que a estaba cubrindo presentou a súa renuncia ao posto por aceptar unha interinidade en praza, e segundo o Decreto 2023-0095 de data 19/01/2023, que orixinou a súa contratación, no punto segundo se

establece que en caso de que renuncie ao contrato se contratará o seguinte da lista ata completar o obxecto do contrato, isto é ata que se produza a alta da IT de D. Antonio Barrera Pérez.

5.- Vista a comunicación verbal por parte do departamento de Recursos Humanos, na que se indica que realizados ao chamamento a través das listas de substitucións para a contratación de un/unha auxiliar administrativo/a, nos atopamos que non existen dispoñibles candidatos/as para fazer fronte a contratación para cubrir a baixa por IT de D. Antonio Barrera Pérez .

6.-Vista a necesidade urxente de cubrir o posto de traballo mencionado e tendo en conta que o artigo 30.3 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Ponteareas (BOP de Pontevedra de 9 de xaneiro de 2019) establece que cando excepcionalmente, e en función da duración do seu contrato, non existan listas ou así se estableza nas bases da convocatoria, acudirase para a provisión de vacantes ao Servizo Galego de Colocación.

PROPOÑO

1.- Que se proceda a realizar unha Oferta ao Servizo de Colocación ao abeiro das Bases de Selección aprobadas por Decreto da Alcaldía 2023-1617 de data 21 de xullo de 2023 para a contratación de un/unha Auxiliar Administrativos/a para cubrir a baixa de IT de D. Antonio Barrera Pérez, e incluír as persoas resultantes a continuación das existentes nas listas de substitucións actuais na categoría de auxiliar administrativo, mentres tanto non se aprobe e finalice unha nova bolsa de emprego na devandita categoría.”

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na miña condición de alcadesa, RESOLVO:

RESOLUCIÓN

1.- Que se proceda a realizar unha Oferta ao Servizo de Colocación ao abeiro das Bases de Selección aprobadas por Decreto da Alcaldía 2023-1617 de data 21 de xullo de 2023 para a contratación de un/unha Auxiliar Administrativos/a para cubrir a baixa de IT de D. Antonio Barrera Pérez, e incluír as persoas resultantes a continuación das existentes nas listas de substitucións actuais na categoría de auxiliar administrativo, mentres tanto non se aprobe e finalice unha nova bolsa de emprego na devandita categoría.

Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección para a categoría de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, CNO 43.09.10.29, deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

Requisitos mínimos de admisión.

1. Ter cumplido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión da titulación de ESO ou equivalente

Criterios para a avaliación dos/DAS candidatos/AS remitidos/AS polo Servizo Público de Emprego:

CONCURSO

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, Colexios Profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,40 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,70 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de más de 150 horas: 1,50 puntos.

b) Experiencia: A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria ou similar categoría nos seguintes termos:

- 0,25 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública.
- 0,15 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada.

c) Coñecemento da lingua galega : A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto, e só se valorará a puntuación más alta, non sendo acumulables entre si.

1.- Pola realización do curso de lingua galega oral, ou Certificado de lingua galega 1 (Celga1), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D. O.G. 30/07/2007) : 0,25 puntos.

2.- Pola presentación do Certificado de lingua galega 2 (Celga2), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,5 puntos.

3.- Pola realización do curso de iniciación da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 3 (Celga3), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,75 puntos.

4.- Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga4), ou presentación da validación do mesmo, de acuerdo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 1 punto.

5) CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

Rematado o proceso, o Tribunal Cualificador emitirá acta facendo pública, no taboleiro de anuncios dixital do Concello, a puntuación total de todos/as e cada un/unha dos/as aspirantes, quedando eliminados do proceso selectivo os aspirantes que non cheguen a 3 puntos.

A cualificación total obterase de sumar os puntos acadados de conformidade co baremo anteriormente sinalado.

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resloverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo.

Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 23/01/2023 pola que se fai público para o ano 2023 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOG 26/01/2023), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "V".

Os aspirantes que superen o presente proceso, pasarán a formar parte das listas de substitucións existentes na presente categoría, engadíndose a continuación das persoas que xa forman parte da lista, e mentres non se confeccione unhas novas listas de substitucións.

Non poderá ser obxecto desde contrato as persoas que houberan alcanzado o prazo máximo de contratación (6 meses) dentro dun período de 12 meses ou poida alcanzar dito prazo con esta nova contratación. Así mesmo, tampouco poderán ser obxecto desde contrato os que nun prazo de 24 meses houberan estado contratadas durante un prazo superior a 18 meses mediante dous ou máis contratos por circunstancias da producción para o mesmo ou diferente posto de traballo ou poidan alcanzar dito prazo con esta nova contratación. Así mesmo, tampouco poderá realizarse dita contratación no caso de que o posto de traballo estivera ocupado, con ou sen solución de continuidade, durante 18 meses nun período de 24 meses, mediante contratos por circunstancias da producción ou poida alcanzarse dito prazo con esta nova contratación.

SEGUNDO: Engadir a listaxe resultante do proceso selectivo o final da lista actual de substitucións da categoría Auxiliar Administrativo/a mentres tanto non se aprube e finalice unha nova bolsa de emprego na devandita categoría

Ponteareas, documento asinado electronicamente.
A Alcadesa
M^a Nava Castro Domínguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE